IES Sanxillao
Rda das Fontiñas, 171
27002 Lugo
☎ 982828088
email: ies.sanxillao@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iessanxillao

**PROXECTOS MOBIILIDADE DE PERSOAL ERASMUS+**

A mobilidade terá como finalidade favorecer a boa práctica docente, é dicir, a mellora na calidade da ensinanza do alumnado a través das boas prácticas docentes. Favorecerá a creación de acordos de cooperación entre Institucións e con empresas europeas coa finalidade de poder potenciar a mobilidade dos nosos propios alumnos e profesores e desta forma mellorar/completar a súa formación laboral e cultural
O persoal candidato presentará por escrito a solicitude ante a dirección do centro. É imprescindible que sexa persoal de educación superior (profesorado que imparta clase nos ciclos superiores).
PRAZAS DISPOÑIBLES PARA PERSOAL: 1 praza KA171, 1 praza KA131

**DATAS DA MOBILIDADE:**
Antes do 31 de maio do presente curso.
Procurarase que as mobilidades interfiran o mínimo posible nas horas lectivas del alumnado.

**PRESENTACION DE SOLICITUDES:**
Os profesores que queiran levar a cabo algunha destas mobilidades poderán solicitalo ante a dirección do centro ata o 22 de decembro, mediante unha carta de compromiso na que se especifique a súa intención de participar, e os méritos para a baremación segundo o cadro incluído neste documento. Todos estes documentos presentaranse por rexistro.

**SELECCION DE CANDIDATOS**:
Formarase una comisión de selección composta polo equipo directivo e o/a coordinador/a Erasmus. O voto del Director/a considerarase voto de calidade en caso de empate.
No caso no que algunha das persoas que formen parte do comité de selección presente tamén a súa candidatura absterase de participar no comité.
Unha vez baremados os candidatos, comunicaránselles ós profesores polo medio que se estableza mais conveniente e non mais tarde dun mes contado a partires do 22 de decembro. O listado publicarase tamén no taboleiro de anuncios da escola ou en outro soporte para que sexa visible ó público.
Establecese un prazo de 10 días lectivos, contados a partires do seguinte día ó da data da publicación da selección, para presentar reclamacións ante a dirección. A comisión de selección resolverá estas reclamacións no prazo de 10 días lectivos.
O profesorado que realice a mobilidade comprometese a facer toda a difusión posible mediante accións coma: charlas ó alumnado, reunións posteriores á estadía, relato da experiencia a outros candidatos, aportación de datos sobre empresas ou escolas que puidera acadar etc., así coma a cumprimentar todos os documentos que se lle indiquen para completar a mobilidade.

**CAUSAS EXCLUINTES:**

-Non asistir ás reunións informativas sobre Erasmus sen causa xustificada.

-Non presentar a documentación requirida en tempo e forma. Isto aplicase tanto para a documentación de solicitude coma a documentación que debe entregar o persoal que xa fixo unha mobilidade no ano anterior e non cumpriu coa entrega dos documentos firmados e selados.

-Ter renunciado á praza o ano anterior sen causa xustificada

## CRITERIOS SELECCIÓN. MÉRITOS E BAREMO.

<table>
<tr><th></th><th>PUNTOS</th></tr>
<tr><td>1.Obxectivos que se queren acadar e relevancia para o proxecto en xeral e a súa aplicación ó ciclo.<br><u>Criterios de baremación :</u><br>-Adecuación dos obxectivos presentados ó tipo de empresa receptora ou tipo de ensinanza (clases ás que se pretende asistir) da escola de acollida.<br>-Relación dos módulos que imparte o participante cos obxectivos a acadar.<br>-Definición da aplicación práctica das capacidades adquiridas ó traballo na aula.<br>-Definición dos obxectivos para a mellora da ensinanza e internacionalización dos socios participantes</td><td>Ata 2 puntos</td></tr>
<tr><td>2-Plan de traballo previsto para a empresa/escola durante os días de mobilidade que inclúa fase previa á mesma, estadía na empresa/escola (coa temporalización do traballo a levar a cabo en destino e datas previstas) e a fase posterior cos resultados obtidos.<br>Neste punto presentarase o nome da empresa ou escola na que se vai facer o job-shadowing e algún documento que xustifique o compromiso da mesma para recibi-lo profesor e asinar o learning agreement e o certificado de estancia. A non presentación deste requisito valorarase como cero neste apartado.<br><u>Criterios de baremación :</u><br>-Traballo a levar a cabo como preparación da estadía antes da mesma: preparación cultural sobre o país, información sobre a empresa/escola etc.<br>-Adecuación do plan co tipo de empresa/escola e país de destino (horarios, tipo de clase que se imparten etc..)<br>-Concreción da temporalización do plan de traballo.<br>-Previsión das accións a levar a cabo ó remate da estadía: difusión dos resultados (medios, ferramentas e público obxectivo).</td><td>Ata 3 puntos</td></tr>
<tr><td>3.- Participación anterior<br>Non ter participado en mobilidades nos dous proxectos anteriores</td><td>1 punto</td></tr>
<tr><td>4.-Nivel de idioma acreditado segundo táboas:<br>Nivel acreditado de inglés:
<table>
<tr><td>A1</td><td>A2</td><td>B1</td><td>B2</td><td>C1</td><td>C2</td></tr>
<tr><td>0,50</td><td>1,00</td><td>1,5</td><td>2,00</td><td>2,5</td><td>3,00</td></tr>
</table>
Nivel acreditado do idioma do país de destino (distinto do inglés):
<table>
<tr><td>A1</td><td>A2</td><td>B1</td><td>B2</td><td>C1</td><td>C2</td></tr>
<tr><td>0,50</td><td>1,00</td><td>1,5</td><td>2,00</td><td>2,5</td><td>3,00</td></tr>
</table>
Baremaranse tamén outros certificados de idioma equivalentes ós anteriores.</td><td></td></tr>
<tr><td>5.-Coordinación e/ou implicación en proxectos Europeos ou actividades realizadas en Europa. Coordinación de proxectos Erasmus ou outros proxectos europeos ou colaboración efectiva/probada en actuacións relacionadas con proxectos europeos</td><td>1 punto</td></tr>
<tr><td>6.-Ter destino definitivo no Centro</td><td>1 punto</td></tr>
<tr><td>7.-Antigüedade no Centro (para todo o profesorado/persoal e independentemente da súa situación no Centro) .(0'10 por ano)</td><td>Ata 1 punto</td></tr>
<tr><td>8.-Datas seleccionadas para desprazamento.<br>Por sesións docentes que queden sen impartir. Por cada una (-0,05 puntos)</td><td>Ata -1 punto</td></tr>
<tr><td></td><td></td></tr>
</table>